

I. DISPOSICIÓN XERAIS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

DECRETO 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

En aplicación do principio de transparencia nas iniciativas normativas que establece a lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que implica a necesidade de definir claramente os obxectivos daquelas e a súa xustificación no limiar ou exposición de motivos, cómpre sinalar que a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía local, prevé nos números 6 e 7 do seu artigo 32 que os concellos lle poderán solicitar á consellería competente a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local na forma que regulamentariamente se estableza e que, así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

Estas disposicións legais requiren dun desenvolvemento regulamentario para a súa operatividade, adaptado á diferente natureza da cooperación requirida en cada caso, de acordo coas exigencias de necesidade, eficacia e proporcionalidade que tamén recolle a lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas como principios de boa regulación.

No presente caso, a necesidade da iniciativa normativa vén condicionada pola propia previsión da Lei 4/2007, do 20 de abril, antes transcrita, que remite ao regulamento a determinación da forma en que os concellos lle poderán solicitar á consellería competente a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local, así como pola conveniencia para o interese xeral de que, tamén por vía regulamentaria, se desenvolva a maneira en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración. Así mesmo, razóns de eficacia aconsellan que sexa precisamente un instrumento normativo de rango regulamentario o que leve a cabo o



desenvolvemento nestas cuestións da Lei 4/2007, do 20 de abril, recollendo a regulación imprescindible para dotar de efectividade as disposicións desta, tal como demanda o principio de proporcionalidade, e que se xustificará nos parágrafos seguintes.

A cooperación mediante a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma da convocatoria das prazas vacantes presenta unha certa singularidade porque se articula mediante a delegación voluntaria polos concellos interesados das súas competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos. Só desta maneira a Administración autonómica poderá dispoñer das facultades necesarias para ditar os actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica aos devanditos procesos. De aí que sexa preciso regular con detalle o contido necesario dos correspondentes convenios e, para estes efectos, recóllense no texto articulado do decreto as oportunas disposicións.

A organización pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e aos postos de vixilante municipal exige tamén outras previsións, como a do número mínimo de prazas que xustifica a súa convocatoria, en atención á disposición de recursos humanos, materiais e financeiros da Administración autonómica que supón a súa convocatoria e desenvolvemento. Así o impón o principio de eficiencia, segundo o cal as iniciativas normativas deben racionalizar na súa aplicación a xestión dos recursos públicos.

A execución destes procesos atribúeselle á Academia Galega de Seguridade Pública e no capítulo II do presente decreto lévase a cabo unha regulación das convocatorias, bases e procedementos de selección que adapta as disposicións do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, ás particularidades da organización centralizada dos procesos selectivos. Deste xeito, dáse estrito cumprimento a outro dos principios de boa regulación consagrados na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas, o de seguridade xurídica, que supón que as iniciativas normativas se deben exercer de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico para xerar un marco normativo estable, predicable, integrado, claro e de certeza.

O decreto ocúpase no seu capítulo III da selección do persoal auxiliar de policía local. As peculiaridades deste tipo de persoal fan que, ademais de configurarse os respectivos procesos selectivos unitarios, se deseñe un sistema complementario de selección apro-



veitando as propias listas de reserva daqueles co fin de atender con axilidade as demandas dos concellos que non poidan ser planificadas coa suficiente antelación. A implantación dun sistema centralizado de selección para esta clase de persoal aconsella algunhas modificacións do modelo de oposición que se regula no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, e do posterior curso de formación, as cales se recollen na disposición derradeira segunda.

No que atinxe á colaboración na realización das probas selectivas, a figura legal que lle debe dar cobertura é a encomenda de xestión, de acordo coa definición dela que establece con carácter básico a lexislación estatal de réxime xurídico do sector público, e consonte o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Neste caso, os concellos conservan o exercicio das súas competencias para convocar e desenvolver os procesos selectivos para o ingreso, ascenso ou promoción no seu propio corpo de policía local e a asistencia que se demanda da Administración xeral da Comunidade Autónoma é meramente material ou técnica. Por iso, consonte as exixencias do principio de proporcionalidade das iniciativas normativas, este decreto límitase a establecer os requisitos mínimos para que a encomenda poida ser aceptada pola Administración autonómica, remitindo os seus termos concretos ao convenio a través do cal se formalice. Como extensión natural das previsións da Lei 4/2007, do 20 de abril, recóllese a posibilidade de aplicar esta colaboración ás probas selectivas para o acceso aos postos de vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

En consecuencia, en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, logo do informe da Comisión de Coordinación das Policías Locais previsto na alínea a) do número 1 do artigo 17 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de acordo co ditame do Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de novembro do dous mil dezasete,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e modalidades de cooperación

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto deste decreto é a regulación da cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos que así o soliciten na selección dos mem-



bro dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a través da asunción da convocatoria das prazas vacantes nos termos establecidos no número 7 do artigo 32 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, ou da colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local, consonte o número 6 do artigo 32 da dita lei.

2. Así mesmo, é obxecto deste decreto a regulación da organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou de capacitación.

Artigo 2. *Cooperación mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes*

1. De acordo co previsto no número 7 do artigo 32 da Lei 4/2007, do 20 de abril, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

2. A cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade.

3. Os convenios mencionados no número anterior axustaranse, sen prexuízo do establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no que sexan de carácter básico, ao seguinte contido:

a) O seu obxecto será a delegación polo concello á Administración xeral da Comunidade Autónoma de todas as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría ou categorías do seu corpo de policía local que se determinen no propio convenio, incluída, de ser o caso, a de auxiliares de policía local ou aos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local.

b) Exceptuaranse, en todo caso, da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas ou, de ser o caso, como persoal funcionario



de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos, polo que o concello se obrigará a efectuar o correspondente nomeamento a favor das devanditas persoas ou a contratalas como persoal auxiliar de policía local, se elixen praza nel.

c) O prazo de vixencia do convenio será de catro anos, prorrogable por igual período de tempo.

d) O concello obrigárase a comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, dentro do prazo que se sinala no seguinte parágrafo, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

O convenio preverá que esta comunicación se realizará antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso das prazas de auxiliares de policía local, e que deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente exixidos para a convocatoria das prazas.

e) A Administración xeral da Comunidade Autónoma reservará para si expresamente a posibilidade de non convocar procesos selectivos unitarios cando as prazas comunicadas polos concellos dentro do prazo previsto na alínea anterior non alcancen un número total de:

– Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre, así como para a selección de auxiliares de policía local.

– Cinco, en todos os demais casos.

O convenio preverá, de non se convocar un proceso selectivo unitario por este motivo, a posibilidade de que os concellos poidan desenvolver por si mesmos o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de solicitar a colaboración regulada no artigo 3.



f) O convenio non suporá ningunha obriga económica para o concello e a Administración xeral da Comunidade Autónoma asumirá todos os gastos que comporte a organización dos procesos selectivos unitarios e percibirá, correlativamente, os ingresos derivados das taxas pola participación neles, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Colaboración na realización das probas selectivas*

1. De acordo co previsto no artigo 32.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, os concellos poderán solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local.

2. A colaboración prevista neste artigo instrumentarase a través dunha encomenda de xestión por cada proceso selectivo, que se formalizará mediante o correspondente convenio, nos termos establecidos pola lexislación básica estatal e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou norma que a substitúa.

3. A aceptación da encomenda de xestión pola Administración xeral da Comunidade Autónoma requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Solicitud formulada polo concello interesado cun prazo mínimo de antelación de seis meses con respecto á publicación oficial da convocatoria do proceso selectivo, de tal forma que a eficacia do convenio que se subscriba se condicionará expresamente a que a devandita publicación non se produza antes do transcurso dese prazo.

b) Compromiso por parte do concello solicitante da asunción de todos os gastos derivados da organización e celebración do proceso selectivo, incluídos os que supoña para a Administración xeral da Comunidade Autónoma a prestación da colaboración requirida, que se recollerá expresamente e se concretará no convenio que se subscriba.

c) Dispoñibilidade por parte da consellería competente en materia de seguridade dos medios necesarios para prestar a colaboración requirida.

4. A colaboración regulada neste artigo poderase aplicar ás probas selectivas para o acceso aos postos de vixilantes municipais e auxiliares de policía local nos mesmos termos previstos nos puntos anteriores.



CAPÍTULO II

Procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e aos postos de vixilantes municipaisArtigo 4. *Convocatorias dos procesos selectivos unitarios*

1. Convocaranse procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e aos postos de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os convenios previstos no artigo 2 alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano.

Excepcionalmente, cando o número de prazas comunicadas se aproxime ao número mínimo sinalado e se xustifique a eficiencia do uso dos medios dispoñibles, por motivos de interese público vinculados á correcta prestación do servizo da policía local, poderanse convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior.

A consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento dos concellos afectados a decisión de non convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas.

Para estes supostos, o convenio mencionado no artigo 2 poderá prever a posibilidade de que os concellos poidan desenvolver por si mesmos o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de solicitar a colaboración regulada no artigo 3.

2. Cada proceso selectivo unitario para o acceso a unha determinada categoría dos corpos de policía local e aos postos de vixilantes municipais requirirá a aprobación da súa propia convocatoria e bases, salvo que se decida convocar procesos selectivos unitarios conxuntos para máis dunha categoría ou sistema de acceso a ela.



3. A aprobación das convocatorias dos procesos selectivos unitarios a que se refire este artigo, coas súas bases, levarase a cabo por orde da persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, oídas as organizacións sindicais representadas na Comisión de Coordinación das Policía Locais.

4. As convocatorias coas bases serán publicadas integramente no *Diario Oficial de Galicia* e nos boletíns oficiais das catro provincias de Galicia. Así mesmo, publicarase un anuncio no *Boletín Oficial del Estado* no cal figurarán, en todo caso, o número de prazas que se convocan e os concellos aos cales corresponden, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e a referencia aos diarios oficiais en que a convocatoria estea publicada integramente.

Artigo 5. *Bases das convocatorias*

As bases das convocatorias previstas no artigo anterior conterán necesariamente:

a) Número, denominación e características das prazas convocadas, con determinación expresa do concello e da escala e categoría a que pertencan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, consonte o sinalado por cada concello na comunicación prevista na alínea d) do número 3 do artigo 2.

b) Determinación do sistema de acceso e do procedemento de selección que se vaia empregar segundo a categoría de que se trate, consonte as previsións da Lei 4/2007, do 20 de abril, e da súa normativa de desenvolvemento.

c) Prazo e forma de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en todo caso, no modelo normalizado de utilización obrigatoria por parte das persoas interesadas, que se incluírá en anexo á convocatoria, así como a forma de presentación da documentación acreditativa dos requisitos e méritos establecidos nas alíneas d) e e) consonte a normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

d) Requisitos que deben reunir as persoas aspirantes, segundo o establecido na Lei 4/2007, do 20 de abril, e na súa normativa de desenvolvemento.



e) Enumeración, descrición e características das probas selectivas que se van desenvolver e sistemas ou métodos de cualificación destas e/ou relación de méritos que se valorarán e sistema de acreditación e valoración destes, así como os criterios para resolver os eventuais empates entre as puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes. Como primeiro criterio de desempate incluírase a preferencia polas aspirantes mulleres, de verificarse a infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos polo artigo 49 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, ou norma que o substitúa.

f) Referencia expresa á publicación oficial da orde que determine o cadro médico que se aplicará nas probas médicas precisas para comprobar a idoneidade das persoas aspirantes, a descrición e as normas para o desenvolvemento das probas de aptitude física, os temarios das probas de avaliación dos coñecementos e/ou o baremo do concurso de méritos.

g) De aplicarse o procedemento de oposición ou concurso-oposición, orde de desenvolvemento das probas e duración do proceso de realización destas, coa indicación expresa de que entre a convocatoria das probas e a súa celebración deberá transcorrer un prazo mínimo de dous días. En todo caso, deberase agardar á resolución por parte do órgano de selección das alegacións ás cualificacións da proba precedente que eventualmente puidesen ter presentado as persoas aspirantes dentro dos dez días seguintes ao da publicación daquelas.

h) Composición e réxime aplicable ao órgano de selección.

i) Mención expresa de que o órgano de selección non poderá declarar aprobado ou superado o proceso selectivo por un número de aspirantes que resulte superior ao de prazas convocadas.

j) De se aplicar o procedemento de oposición ou concurso-oposición, orde de actuación das persoas aspirantes.

k) Obrigatoriedade de superar o curso selectivo de formación ou de capacitación correspondente á categoría de que se trate, organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública.



l) Contía e forma de ingreso das taxas de participación no proceso selectivo.

m) Lugar de publicación dos actos e resolucións do proceso selectivo, que será a páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública, sen prexuízo dos supostos de notificación individualizada e de publicación no correspondente diario oficial que estableza a normativa de aplicación.

n) Previsións para asegurar a igualdade de trato das aspirantes embarazadas ou en período de parto ou posparto, de acordo co disposto no artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Artigo 6. *Composición dos órganos de selección*

1. Os órganos de selección dos procesos selectivos unitarios regulados neste capítulo estarán compostos por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente ou presidenta, tres vogais e secretario ou secretaria, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo, e tenderán á paridade entre mulleres e homes, conxunto o establecido polo artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril.

2. O nomeamento dos órganos de selección a que se refire este artigo correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de seguridade. Dous vogais e os seus suplentes serán designados por proposta, respectivamente, da Comisión de Coordinación das Policía Local e da asociación de municipios e provincias máis representativa e con maior implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os órganos de selección a que se refire este artigo, a través da persoa titular da presidencia, poderán solicitar do órgano que os designou o nomeamento de persoal técnico cualificado para o seu asesoramento.

Artigo 7. *Competencias administrativas para a xestión dos procesos selectivos unitarios*

A Academia Galega de Seguridade Pública asumirá a xestión dos procesos selectivos unitarios regulados neste capítulo. Corresponderalle á persoa titular da dirección desta



ditar os actos e resolucións administrativas de carácter xurídico que dean soporte ou nos cales se integre a concreta actividade material obxecto da delegación.

Artigo 8. *Relación de persoas admitidas e excluídas*

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, e logo de comprobadas aquelas, a persoa titular da dirección da Academia Galega de Seguridade Pública ditará resolución pola cal declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo unitario, coas causas que motivaron a exclusión.

2. A relación provisional de persoas admitidas e excluídas farase pública no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública. Concederase un prazo de dez días, contados desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas excluídas emenden as deficiencias que presenten as súas solicitudes achegando, de ser o caso, a correspondente documentación acreditativa consonte a normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

3. Transcorrido o prazo de emenda, a persoa titular da dirección da Academia Galega de Seguridade Pública ditará nova resolución pola cal aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, e fixará, de ser o caso, o lugar e a data de comezo das probas selectivas. Esta resolución será publicada nos mesmos termos que a que aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Artigo 9. *Procedementos de selección segundo o sistema de acceso aplicable*

De acordo co establecido na Lei 4/2007, do 20 de abril, e no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a anterior, os procedementos de selección comprendidos neste capítulo son os seguintes, segundo o sistema de acceso aplicable:

a) Oposición para o acceso, polo sistema de quenda libre, á categoría de policía e aos postos de vixilantes municipais.

b) Concurso-oposición para o acceso, polo sistema de promoción interna, excepto para as categorías de intendente principal e superintendente.

c) Concurso para a provisión de prazas polo sistema de mobilidade e para o acceso, polo sistema de promoción interna, ás categorías de intendente principal e superintendente.



Artigo 10. Procedemento de oposición

1. O procedemento de oposición constará das seguintes probas de carácter eliminatorio, que se desenvolverán na mesma orde en que se citan:

a) Proba de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario.

Ten como finalidade que as persoas aspirantes demostren a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos do correspondente temario, que será o establecido na orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test proposto polo órgano de selección, que constará do seguinte número de preguntas:

1º. Cen, nos procesos selectivos para o acceso á categoría de policía.

2º. Cincuenta sobre a parte xeral do temario e cincuenta sobre a parte específica nos procesos selectivos para o acceso á subescala facultativa.

3º. Cincuenta, nos procesos selectivos para o acceso aos postos de vixilante municipal.

As persoas aspirantes disporán de dúas horas para a súa realización no caso de acceso á categoría de policía e á subescala facultativa, e dunha hora no caso de acceso aos postos de vixilante municipal.

A proba cualificará o órgano de selección de cero a dez puntos e será preciso conseguir cinco puntos, como mínimo, para superala. Corresponderalle ao órgano de selección determinar o número de respostas correctas exixido para conseguir esa puntuación mínima.

b) Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Está dirixida á comprobación de que as persoas aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente a lingua galega, polos medios que o órgano de selección considere máis adecuados para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto/a ou non apto/a.



Aquelas persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo e da maneira normativamente establecida terán superada esta proba coa cualificación de apto/a.

c) Probas de aptitude física.

Inclúen a comprobación da estatura das persoas aspirantes e van dirixidas á verificación das súas capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade.

A descrición e as normas para o desenvolvemento destas probas, incluíndo o rango de valores en que se considera garantido o cumprimento do principio de non discriminación por razón de sexo, axustaranse ao establecido pola orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Cualificaranse como apto/a ou non apto/a.

d) Probas psicotécnicas.

Están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación á función policial.

Consistirán na aplicación dunha proba de intelixencia que medirá a capacidade intelectual e psicomotriz das persoas aspirantes, así como de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das persoas aspirantes.

Cualificaranse como apto/a ou non apto/a.

e) Recoñecemento médico.

Será efectuado por persoas facultativas especialistas, que se deberán axustar á descrición do cadro médico previsto na orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, para que se garantan as condicións idóneas das persoas aspirantes.

Cualificarase como apto/a ou non apto/a.

2. As persoas aspirantes teñen a obriga de acudir ás probas do proceso selectivo nos termos e coas excepcións recollidos no artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.



3. O órgano de selección, unha vez finalizada a proba de avaliación dos coñecementos, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, e que non será inferior, en todo caso, ao dobre das prazas convocadas.

4. Finalizadas as probas, o órgano de selección outorgará a cada persoa aspirante a puntuación final obtida, que se corresponderá coa cualificación da proba de avaliación dos coñecementos.

Artigo 11. *Procedemento de concurso-oposición*

1. O procedemento de concurso-oposición constará de dúas fases, que se desenvolverán na seguinte orde:

a) Fase de oposición, consistente en dúas probas de coñecementos de carácter eliminatorio referidas ao temario para o acceso a cada categoría, que será o establecido pola orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Na primeira proba as persoas aspirantes deberán contestar por escrito dous temas do devandito temario, ou un cuestionario de test sobre o total dos seus contidos, segundo conste nas bases da convocatoria, no tempo máximo de dúas horas. A segunda proba consistirá na resolución dun caso práctico relacionado co temario, que as persoas aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora e que deberán ler ante o órgano de selección.

A puntuación de cada persoa aspirante nesta fase será a media aritmética das cualificacións de ambas as dúas probas, que se avaliarán de cero a dez puntos cada unha delas, e será necesario alcanzar en cada unha un mínimo de cinco puntos para superar o proceso selectivo. Corresponderalle ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos que haberá que demostrar para conseguir esa puntuación mínima.

b) Fase de concurso, consistente na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polas persoas aspirantes de acordo co baremo que se determine por orde da consellería competente en materia de seguridade.

A valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecido nas bases do proceso selectivo.



2. Co fin de determinar a puntuación total de cada persoa aspirante no proceso selectivo, levarase a cabo unha ponderación das puntuacións obtidas nas dúas fases de oposición e concurso, tomando como puntuación máxima na fase de oposición seis puntos e na fase de concurso catro puntos. Para isto, aplicarase unha regra de tres simple ás puntuacións obtidas por cada persoa aspirante na fase de oposición e na fase de concurso, tendo en conta a puntuación máxima que é posible obter en cada unha delas antes da ponderación. Os respectivos resultados, que se expresarán cun máximo de tres decimais sen redondeo, sumaranse co obxecto de obter a puntuación total final.

Artigo 12. *Procedemento de concurso*

O procedemento de concurso desenvolverase segundo as regras da fase de concurso do procedemento de concurso-oposición, pero a puntuación final de cada persoa aspirante será a suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación.

Artigo 13. *Alegacións ás cualificacións*

1. As persoas aspirantes poderán efectuar alegacións ás súas cualificacións en cada proba ou fase do proceso selectivo dentro dos dez días seguintes ao da publicación daquelas.

2. As alegacións serán resoltas polo órgano de selección antes da realización da seguinte proba ou fase do proceso selectivo, mediante acordo que se lles notificará ás persoas que as presentasen.

Artigo 14. *Relación de persoas aprobadas ou que obtiveron praza e lista de reserva*

1. Nos procedementos de oposición e concurso-oposición o órgano de selección fará pública na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública a relación de persoas aprobadas, por orde decrecente de puntuación. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron o proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.



2. No procedemento de concurso adxudicaranse as prazas convocadas ás persoas aspirantes con puntuacións máis altas. A lista de reserva confeccionarase coas persoas aspirantes que obtivesen as puntuacións sucesivas máis altas despois da última que obtivese praza, cun número que será como máximo igual ao de persoas que obtiveron praza.

3. Cando o sistema de acceso aplicable sexa o de promoción interna dos membros do corpo de policía local do concello, tanto a relación de persoas aprobadas ou que obtiveron praza como a lista de reserva se confeccionarán de maneira separada para cada concello, exclusivamente con persoas aspirantes pertencentes ao corpo de policía local deste.

4. A relación de persoas aprobadas ou que obtiveron praza e a lista de reserva serán elevadas polo órgano de selección á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública para os efectos do previsto nos artigos seguintes.

Artigo 15. Elección de praza nos sistemas de acceso de quenda libre e mobilidade

1. Cando o sistema de acceso aplicable sexa o de quenda libre ou o de mobilidade, a Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública convocará as persoas aprobadas ou que obtiveron praza a unha reunión presencial para elixir praza, dentro das comprendidas na convocatoria no proceso selectivo unitario, por rigorosa orde da puntuación obtida neste.

2. A concorrencia por parte das persoas aprobadas á reunión prevista neste artigo é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Ás persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Artigo 16. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas

1. Assignadas as prazas de acordo co previsto nos artigos anteriores, a Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública publicará na súa páxina web a relación destas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos



concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de formación ou de capacitación.

2. Con anterioridade á data prevista para o comezo do curso selectivo de formación ou de capacitación, os concellos nomearán as correspondentes persoas aspirantes como persoal funcionario en prácticas e comunicaranlle o nomeamento á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública para efectos da organización do dito curso.

3. En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación ou de capacitación.

4. Nos supostos en que as persoas aspirantes estean dispensadas de realizar o curso selectivo de formación ou de capacitación, consonte o previsto polo número 1 do artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, o nomeamento farase directamente na condición de persoal funcionario de carreira.

Artigo 17. *Organización dos cursos selectivos de formación ou de capacitación*

1. A Academia Galega de Seguridade Pública organizará, en todo caso, os correspondentes cursos selectivos de formación ou de capacitación cando se celebren os procesos selectivos unitarios regulados neste capítulo. Para estes efectos, ás prazas cubertas mediante os procesos selectivos unitarios acumularanse as solicitudes de reserva de prazas efectuadas, antes de que remate o mes de febreiro, polos concellos que non teñan delegada na Administración xeral da Comunidade Autónoma a convocatoria e o desenvolvemento dos procesos selectivos.

2. De non se ter celebrado proceso selectivo unitario para unha determinada categoría dos corpos de policía local ou para os postos de vixilante municipal, o curso selectivo de formación ou de capacitación organizarase se as solicitudes de reserva de praza efectuadas polos concellos dentro do prazo previsto no número anterior acadan o mínimo de dez.



Excepcionalmente, cando as solicitudes de reserva de prazas se aproximen ao número mínimo sinalado no parágrafo anterior e se xustifique a eficiencia do uso dos medios dispoñibles, por motivos de interese público vinculados á correcta prestación do servizo da policía local, poderanse convocar cursos selectivos de formación ou de capacitación para un número de prazas inferior.

3. O desenvolvemento dos cursos selectivos de formación ou de capacitación axustarase ao establecido polo Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

CAPÍTULO III

Procesos selectivos unitarios para a selección do persoal auxiliar de policía local

Artigo 18. Procesos selectivos unitarios para persoal auxiliar de policía local

1. Convocaranse procesos selectivos unitarios para persoal auxiliar de policía local sempre que as prazas comunicadas para esta clase de persoal polos concellos cos cales estean en vigor os convenios previstos no artigo 2 acade o número mínimo total de dez.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o ano natural.

Excepcionalmente, cando o número de prazas comunicadas se aproxime ao número mínimo sinalado e se xustifique a eficiencia do uso dos medios dispoñibles, por motivos de interese público vinculados á correcta prestación do servizo da policía local, poderanse convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior.

A consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento dos concellos afectados a decisión de non convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas.

Para estes supostos, o convenio mencionado no artigo 2 poderá prever a posibilidade de que os concellos poidan desenvolver por si mesmos o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de solicitar a colaboración regulada no artigo 3.



2. Estes procesos selectivos levaranse a cabo polo procedemento de oposición, que constará das seguintes probas de carácter eliminatorio, as cales se desenvolverán na mesma orde en que se citan:

a) Probas físicas, que medirán a capacidade física das persoas aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar.

A descrición e as normas para o desenvolvemento destas probas, incluíndo o rango de valores en que se considera garantido o cumprimento do principio de non discriminación por razón de sexo, axustaranse ao establecido pola orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril.

b) Cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, proposto polo órgano de selección sobre o temario establecido na orde a que se refire a disposición adicional do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, que se cualificará de cero a dez puntos, e será preciso conseguir cinco puntos, como mínimo, para superar a proba. Corresponderalle ao órgano de selección determinar o número de respostas correctas exixido para conseguir esa puntuación mínima. As persoas aspirantes disporán dunha hora para a súa realización.

c) Coñecemento da lingua galega, nos termos establecidos na alínea b) do número 1 do artigo 10.

3. En todo o non previsto neste artigo, os procesos selectivos unitarios para persoal auxiliar de policía local rexeranse polas normas do capítulo II, coa particularidade de que as publicacións a que se refire o artigo 4.4 se realizarán exclusivamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19. *Listas para a selección de persoal auxiliar de policía local*

1. Con cada proceso selectivo unitario para persoal auxiliar de policía local elaborárase, para un período de catro anos, unha lista selectiva que será confeccionada polo órgano de selección por orde decrecente de puntuación no referido proceso selectivo. Nela figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron todas as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza. O órgano de selección poderá determinar que, para estes efectos, a proba consistente nun cuestionario tipo test se entenderá superada cun número de preguntas



correctas inferior ao establecido para acadar a puntuación mínima prevista na alínea b) do número 2 do artigo 18.

Para a inclusión na lista non será precisa solicitude previa das persoas aspirantes e publicarase na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública.

2. Á lista prevista neste artigo poderanse, así mesmo, incorporar, unha vez rematado o período para o cal fosen contratadas, as persoas que aprobasen e obtivesen praza no proceso selectivo unitario. Para estes efectos, deberán solicitar a súa inclusión nun prazo máximo de dez días desde a finalización do contrato e achegar unha declaración responsable dos períodos traballados como auxiliar de policía local e dos concellos en que prestasen servizos, ou ben unha certificación destes, no suposto de non autorizar a consulta dos seus datos. A súa orde na lista determinaraa de oficio a Academia Galega de Seguridade Pública segundo o establecido no punto anterior e demais puntos deste artigo.

3. Poderán solicitar a cobertura de prazas de persoal auxiliar de policía local polo sistema regulado neste artigo os concellos que no momento da solicitude teñan en vigor o correspondente convenio para a selección desta clase de persoal, cando, por circunstancias sobrevidas e de acordo coa normativa de aplicación, sexa necesaria a dita cobertura.

4. O chamamento realizarao a Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública por rigorosa orde de antigüidade do proceso selectivo e, dentro da lista dun mesmo proceso, da puntuación obtida neste, sen prexuízo do establecido no ordinal sexto. Non poderán ser obxecto de chamamento aquelas persoas que xa acadasen, polo sistema de listas e acumulando, de ser o caso, o de obtención de praza no proceso selectivo unitario, o período máximo de contratación como persoal auxiliar de policía local de catro ou, de ser o caso, seis meses, sumando os períodos de contratación en todos os concellos. Sen prexuízo do anterior, estes períodos poderanse superar cando unha nova solicitude dun concello solicite un período maior ao restante que tiver a persoa que figure no primeiro lugar da lista para acadar os catro ou seis meses e non exceda os períodos legais para traballar nun ano para ese mesmo concello, caso en que se designará o seguinte candidato que cumpra os requisitos, conservando o anterior o seu posto na lista.

Para estes efectos, o concello deberá achegar coa solicitude de cobertura de prazas unha certificación na cal conste:

a) A duración prevista da contratación.



b) Unha lista das persoas contratadas como persoal auxiliar de policía local no ano en curso, coa especificación dos períodos de contratación.

c) O cumprimento dos requisitos legais para a contratación de persoal auxiliar de policía local.

5. Unha vez rematada cada contratación efectuada polo sistema regulado neste artigo, a persoa interesada poderá solicitar a súa reincorporación á lista selectiva nun prazo máximo de dez días desde a finalización do contrato, achegando unha declaración responsable dos períodos de contratación como auxiliar de policía local e dos concellos en que prestase servizos. A Academia Galega de Seguridade Pública verificará de oficio estes datos, salvo que a persoa interesada non autorice a súa consulta, caso en que aquela deberá achegar as oportunas certificacións acreditativas.

A reincorporación á lista selectiva levarase a cabo no posto que corresponda á persoa de acordo coa puntuación obtida no correspondente proceso selectivo unitario, agás nos casos en que aquela superase os prazos máximos establecidos. Nestes supostos, a persoa reincorporarase no derradeiro posto da lista, segundo a orde vixente no momento en que presente a solicitude de reincorporación.

6. Unha vez que todas as persoas incluídas nunha lista selectiva completen o período máximo de contratación establecido no número anterior e exista unha nova lista derivada dun ulterior proceso selectivo unitario, darase prioridade a esta última, sen prexuízo da vixencia da anterior para a cobertura das prazas que non poidan ser atendidas coa nova lista. Esgotados tamén os períodos máximos de contratación das persoas integrantes da nova lista, a orde de preferencia será a da lista do proceso selectivo máis antigo, ata a finalización do seu prazo de vixencia.

7. No suposto de que unha mesma persoa figure de forma simultánea en diferentes listas das previstas neste artigo, a Academia Galega de Seguridade Pública requirirá para que nun prazo de dez días opte expresamente pola súa permanencia nunha soa delas. No caso de non cumprir este trámite, quedarán excluídas de todas as listas.

8. Os chamamentos regulados neste artigo faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos de urxencia para o adecuado funcionamento do servizo, debidamente acreditada, o chamamento poderase realizar telefonicamente. Neste caso, o persoal funcionario que o efectúe deixará constancia nunha



diligencia na cal figurará se houbo ou non resposta e, de ser o caso, o sentido desta. As persoas que nestes supostos de chamamento urxente non se poidan incorporar, ou non conste a recepción do chamamento, non perderán os dereitos derivados da inclusión na lista selectiva.

9. A renuncia a elixir praza no correspondente chamamento fará decaer calquera dereito ao acceso á condición de auxiliar de policía local por esta vía, sen necesidade de resolución administrativa que así o declare, salvo que a persoa interesada acredite debidamente a imposibilidade de incorporación por causa de forza maior.

10. A Academia Galega de Seguridade Pública poderalles solicitar aos concellos interesados calquera documentación que xulgue oportuna para a xestión das listas selectivas reguladas neste artigo.

Artigo 20. *Contratación do persoal auxiliar de policía local*

1. Verificada a elección de praza, sexa de acordo co previsto no artigo 15 logo da realización dun proceso selectivo unitario, sexa como consecuencia do chamamento regulado no artigo anterior, a Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública publicará na súa páxina web a relación das prazas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos concellos que correspondan.

2. Os concellos formalizarán a contratación das ditas persoas como auxiliar de policía local, logo de verificar que superaron o curso de formación previsto no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril.

Artigo 21. *Cursos de formación para persoal auxiliar de policía local*

1. A Academia Galega de Seguridade Pública convocará un curso de formación para persoal auxiliar de policía local, despois do remate de cada proceso selectivo unitario dos regulados neste capítulo, para as persoas que superasen este e as que estean incluídas na correspondente lista de reserva.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, a Academia Galega de Seguridade Pública organizará anualmente un curso de formación para persoal auxiliar de policía local se as solicitudes de reserva de praza efectuadas, antes de que remate o mes de marzo,



polos concellos que realicen por si mesmos a selección desta clase de persoal acadan o número mínimo de dez.

Excepcionalmente, cando as solicitudes de reserva de praza se aproximen ao número mínimo sinalado no parágrafo anterior e se xustifique a eficiencia do uso dos medios dispoñibles, por motivos de interese público vinculados á correcta prestación do servizo da policía local, poderase convocar o curso de formación para un número de prazas inferior.

Disposición adicional única. *Asunción progresiva pola Administración xeral da Comunidade Autónoma da convocatoria e do desenvolvemento dos procesos selectivos*

A asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma da convocatoria e do desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e aos postos de vixilantes municipais e auxiliares de policía local regulada neste decreto levarase a cabo progresivamente, nos seguintes termos:

a) No ano 2018 farase efectiva para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e aos postos de vixilantes municipais e auxiliares de policía local. Neste primeiro ano, o prazo para que os concellos comuniquen á Academia Galega de Seguridade Pública as prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local ou dos postos de vixilantes municipais prorrogarase ata o final do mes de marzo e as de auxiliares de policía local ata o final do mes de febreiro.

b) A partir do ano 2019 farase efectiva para o acceso ás demais categorías dos corpos de policía local, de acordo coa periodización que se estableza por orde da persoa titular da consellería competente en materia de seguridade.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a consellería competente en materia de seguridade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

CVE-DOG: 6wmrsbh7-jus2-yms4-lv11-jgxv5mzjx2e5



Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais*

O Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, queda redactado como segue:

Un. O número 3 do artigo 47 queda redactado da seguinte maneira:

«3. A oposición comprenderá as probas que se describen a continuación:

a) Probas físicas, que medirán a capacidade física das persoas aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Cualificaranse como apto/a ou non apto/a.

b) Cuestionario de preguntas tipo test, sobre un temario, que se cualificará de cero a dez puntos.

c) Coñecemento da lingua galega».

Dous. O artigo 48 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 48. *Curso de formación*

Para poder exercer as funcións de auxiliar de policía local será requisito indispensable ter superado o correspondente curso de formación organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de novembro de dous mil dezasete

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

